

I SUPOSTO PRÁCTICO CORUÑA 2024

Atópase vostede nun CEIP de liña 1. Este curso é titor/a dunha das aulas de infantil. O centro está traballando cunha metodoloxía activa en grupos mixtos.

1. Como titor/a dun dos grupos mixtos que conta con alumnado de 3, 4 e 5 anos:
 - a. Explique o proceso que seguiu o seu centro para poder realizar este tipo de agrupamentos e cite os documentos de centro nos que deberá figurar.
 - b. Indique cal é a ratio máxima por aula neste tipo de agrupamento.
2. No punto laranxa do seu centro aparece un comunicado de que un alumno de Educación infantil está sufrindo acoso por parte dun compaño da súa aula.
 - a. Defina vostede que é o punto laranxa.
 - b. Quen debe actuar e como?
 - c. Que é o equipo ACAE? Para que se creou e que función ten? Quen o forma?
3. Tomando como referencia o obxectivo: "Desenvolver de maneira progresiva os procedementos do método científico e as destrezas do pensamento computacional, a través de procesos de observación e manipulación de obxectos para iniciarse na interpretación do entorno e responder de forma creativa ás situación e os retos que se presentan".
 - a. Área e bloque ao que corresponde.
 - b. Criterios de avaliación para este obxectivo.
 - c. Desenvolva unha actividade para unha sesión tendo en conta as fases do pensamento computacional atendendo ao agrupamento.
4. No mes de Febreiro incorpórarse un neno na súa aula trasladado doutro centro da súa comunidade que presenta un TDL. Cite o procedemento a seguir neste caso.
5. Cal é a relación que existe entre a biblioteca de aula, a biblioteca de centro e o plan lector?
6. Dada a importancia da linguaxe oral para o proceso de achegamento á lectoescritura, describa brevemente un exemplo de como traballaría este aspecto a través da metodoloxía ABX.
7. Perfil de saída ou competencial no alumnado e a súa relación coas competencias.
8. Está a punto de finalizar o curso escolar:
 - a. Cales son os documentos e informes oficiais de avaliación na Educación Infantil e
 - b. onde están lexislados?
 - c. Cales son imprescindibles para garantir a mobilidade do alumnado?
 - d. Quen é o encargado de cubrilos? Quen os supervisa?



Resolución Coruña 2024

Atópase vostede nun CEIP de liña 1. Este curso é titor/a dunha das aulas de infantil. O centro está traballando cunha metodoloxía activa en grupos mixtos.

- CEIP: cuxo regulamento orgánico está recollido no Decreto 374/1996 E Orde de 22 de xullo de 1997, estando ambos documentos modificados en parte por LOE/LOMLOE.
- Liña 1: Orde de 12 de agosto de 2010, modificada pola Orde de 2 de agosto de 2024. Presenza dunha mestra de apoio para Educación Infantil, seguindo o acordo sindical de 8 de xuño de 2007.
- Son titora, estando as miñas funcións recollidas no artigo 81 do Decreto 374/1996, entre as que se atopa a de coñecer as características do meu alumnado, aspecto fundamental tendo en conta que me atopo nunha aula mixta, e dados os beneficios que a convivencia de alumnado de diferentes idades orixina, será fundamental o coñecemento exhaustivo de nenos e nenas para optimizar e potenciar ao máximo estas interaccións.

1. Como titor/a dun dos grupos mixtos que conta con alumnado de 3, 4 e 5 anos:

Explique o proceso que seguiu o seu centro para poder realizar este tipo de agrupamentos e cite os documentos de centro nos que deberá figurar.

- A dirección do centro solicita autorización para realizar este tipo de agrupamentos a Inspección Educativa.
- Previamente, debe terse tratado este acordo en CCP, claustro e Consello Escolar.
- Este tipo de agrupamentos non debe supor a modificación do número de unidades do centro.
- Esta metodoloxía debe ser coherente e estar plasmada nos documentos do centro: PE, PXA, concreción curricular e programacións de PROENS.

Indique cal é a ratio máxima por aula neste tipo de agrupamento.

- A ratio de aulas mixtas non está recollida de xeito específico no RD 132/2010 nin na normativa de admisión (Decreto 13/2022 e Orde de 21 de outubro de 2022 que a desenvolve).
- Resolución de 10 de xaneiro de 2024, na que se publica o acordo sindical asinado entre a Consellería e organizacións sindicais. Co novo acordo sindical vólvese ao acordo de agrupamentos de 10 de xullo de 2009:
 - Máximo 10 se se agrupa alumnado de EI e EP.
 - Máximo 14 se hai alumnado de EI pertencente a diferentes niveis.
 - Máximo 12 se hai alumnado de EI pertencente a diferentes niveis e entre eles hai nenos e nenas de 3 anos.

2. No punto laranxa do seu centro aparece un comunicado de que un alumno de Educación infantil está sufrindo acoso por parte dun compañeiro da súa aula.

Defina vostede que é o punto laranxa.

O punto laranxa é un espazo físico e virtual no que calquera persoa pode denunciar de xeito anónimo unha posible situación de acoso ou ciberacoso escolar.

Quen debe actuar e como?

A dirección do centro é quen vai recibir a comunicación dos feitos, e será quen realice as oportunas comunicacóns ás familias, inspección e axentes externos de ser o caso. Ademais, debe actuar o equipo ACAE, nomeando un mestre/a que será o encargado de verificar o contido da denuncia.

Que é o equipo ACAE? Para que se creou e que función ten? Quen o forma?

Equipo de Actuación Contra o Acoso Escolar. É o equipo encargado de levar adiante as medidas establecidas no protocolo no referente á detección e á intervención ante posibles casos de acoso e ciberacoso. Deixarase constancia da súa constitución para cada intervención. Filtrará tamén as denuncias depositadas no punto laranxa e será o encargado de abrir os protocolos de ser oportuno e facer as preceptivas reunións con implicados e familias, así como facer un seguimento de cada caso. Estará formado por un mínimo de 3 membros, e o protocolo, como recomendación establece á xefatura do DO, á persoa coordinadora de benestar e convivencia e a un/unha docente nomeada pola dirección para cada caso en función do alumno implicado, que será a persoa instrutora do procedemento corrector, de ser o caso.

3. Tomando como referencia o obxectivo: "Desenvolver de maneira progresiva os procedementos do método científico e as destrezas do pensamento computacional, a través de procesos de observación e manipulación de obxectos para iniciarse na interpretación do entorno e responder de forma creativa ás situación e os retos que se presentan".

Área e bloque ao que corresponde.

- Decreto 150/2022. Área 3 descubrimento e exploración da contorna, bloque 2 experimentación na contorna, curiosidade, pensamento científico.

Criterios de avaliación para este obxectivo.

- ✓ *CA2.2. Xestionar situacións, dificultades, retos ou problemas planificando secuencias*
- ✓ *de actividades, mostrando interese e iniciativa e colaborando cos seus iguais.*
- ✓ *CA2.3. Aplicar estratexias para canalizar a frustración ante as dificultades ou os problemas*
- ✓ *CA2.4. Expor hipóteses sobre o comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles.*
- ✓ *CA2.5. Utilizar diferentes estratexias para a toma de decisións con progresiva autonomía afrontando o proceso de creación de solucións orixinais en resposta aos retos que se lle presenten*
- ✓ *CA2.6. Programar secuencias de accións ou instrucións para a resolución de tarefas analóxicas e dixitais que favorezan o desenvolvemento de habilidades básicas de pensamento computacional.*
- ✓ *CA2.7. Participar en proxectos empregando dinámicas e estruturas cooperativas, compartindo e valorando opinións propias e alleas e expresando conclusións persoais a partir delas.*
- ✓ *CA2.8. Iniciarse en actividades relacionadas coa metodoloxía STEAM como modelo de aprendizaxe activo.*

Desenvolva unha actividade para unha sesión tendo en conta as fases do pensamento computacional atendendo ao agrupamento.

- ✧ 1 sesión de 50' (tendo en conta que cada centro organiza o período lectivo en sesións e así o carga en XADE o equipo directivo). Horario globalizado na educación infantil.
- ✧ Tipo de agrupamento: mixto, pequenos grupos mesturando idades e niveis psicomadurativos.
- ✧ Metodoloxía activa, todos deben traballar.
- ✧ Espazo: aula de informática e Polos Creativos ou espazo maker dentro da biblioteca.
- ✧ Recursos humanos: mestra de apoio e alumnado de 3º ciclo de EP (coordinación interetapas).
- ✧ Recursos materiais: escornabot e Jotbot, robot para o debuxo.
- ✧ Fases do pensamento computacional:
 1. Identificación do problema
 2. Descomposición do problema
 3. Recoñecemento de patróns (patróns comúns)
 4. Abstracción (eliminar detalles innecesarios e centrarse no problema)
 5. Algoritmos (conxunto de pasos organizados para solucionar o problema)
 6. Avaliación e refinamento
- ✧ Actividade: scornabot en panel de cuadrícula 10x10 podemos traballar en torno ao PDI do centro, a tradición de Galicia. Ademais de facer o xogo proposto de resolver as preguntas que se vaian facendo, o alumnado debe deseñar tamén as mesmas, colocalas no taboleiro.
- ✧ Avaliación, Orde de 30 de maio de 2023, global, continua e formativa. Formativa porque vai ser moi importante a información que obteñamos do proceso, para poder proponer actividades similares nun futuro, facendo todas as adaptacións que sexan precisas.
- ✧ Con isto, traballaranse de xeito globalizado as competencias clave.

4. No mes de Febreiro incorpórase un neno na súa aula trasladado doutro centro da súa comunidade que presenta un TDL. Cite o procedemento a seguir neste caso.

- Trastorno no desenvolvemento da linguaxe (anteriormente TEL).
- NEAE, definido no artigo 6 da Orde de 8 de setembro de 2021 como aquel alumnado que precisa unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar, entre outras opcións, trastornos no desenvolvemento da linguaxe e da comunicación.
- NEE, definido no artigo 7 da Orde de 8 de setembro de 2021 como aquel alumnado que afronta barreiras que limitan o seu acceso, presencia participación ou aprendizaxe, derivadas de discapacidade, trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe durante un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e require de determinados apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe axeitados ao seu desenvolvemento.
- Matrícula extraordinaria, regulada na Orde de 21 de outubro de 2022, que desenvolve o Decreto 13/2022.
- O centro de destino debe solicitar ao centro de orixe o informe por traslado, así como o informe psicopedagóxico do neno, con comunicación co DO de orixe, seguindo o establecido na Orde de 30 de maio de 2023.

- Necesaria unha avaliación inicial por parte da titoría e colaboración estreita co DO.
- Plan de Convivencia e o Plan de Acollida, no marco do Plan Xeral de Atención á Diversidade deben ser tidos moi en conta, Lei 4/211 e Decreto 8/2015 para convivencia e Orde de 8 de setembro de 2021 para o PXAD.

5. Cal é a relación que existe entre a biblioteca de aula, a biblioteca de centro e o plan lector?

- Todos os centros contarán cunha biblioteca escolar, artigo 113 de LOE/LOMLOE.
- Decreto 150/2022 artigo 29, bibliotecas escolares y aproximación a la lectura. Orde de 30 de maio de 2023 que o desenvolve.
- Resolución con instrucións para o desenvolvemento e funcionamento de bibliotecas escolares.
- Relación co tema 20 de acceso á oposición.
- A biblioteca do centro pode estar inmersa en PLAMBE (Resolución de 10 de xuño de 2024) e debe ser un eixo vertebrador da metodoloxía dun centro, podendo partir da mesma os PDI. A base de datos do catálogo basearase na CDU e o rexistro farase a través do programa KOHA-MEIGA. En todo caso, a biblioteca do centro debe ser referencia para as bibliotecas de aula, para achegar ao alumnado ao máximo a literatura infantil e xuvenil.
- ORDE DE 30 DE MAIO DE 2023: Os plans do centro deben recoller tamén a importancia da biblioteca na filosofía do centro: Plan de Biblioteca (artigo 14) e Plan de Lectura (artigo 13). *O plan lector integra tanto a biblioteca de aula como a de centro e ten como obxectivo principal aproximar aos nenos/as á lectura e á escritura, o acceso á infomación e a adquisición de competencias, incluirá, entre outras, unha análise do contexto, obxectivos, seguimento e avaliación do plan.*
- O equipo de dinamización de biblioteca estará coordinado por un dinamizador que terá unha liberación horaria xunto co seu equipo de apoio para o desenvolvemento das súas funcións. No marco de PLAMBE, créase unha comisión de biblioteca no seo do consello Escolar.

6. Dada a importancia da linguaxe oral para o proceso de achegamento á lectoescritura, describa brevemente un exemplo de como traballaría este aspecto a través da metodoloxía ABX

- ✓ A aprendizaxe baseada no xogo é unha metodoloxía cunha perspectiva lúdica que consiste no emprego de xogos como ferramenta de apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe. Noutras palabras, é aprender xogando. Se nos remontamos á Escola Nova, podemos falar de Froebel.
- ✓ A lectoescritura cobra unha especial importancia na nosa etapa, pois, seguindo o establecido no artigo 11 da Orde de 30 de maio de 2023, establecése que sen que resulte esixible para a EP, poderase facer unha primeira aproximación á lectura e á escritura (...).



- ✓ Así, seguindo o noso Decreto 150/2022, polo que se establece o currículo, poderemos deseñar actividades lúdicas para este traballo. Tendo en conta que nos atopamos nunha aula mixta, será importante que as propostas estean adaptadas a diferentes niveis psicomadurativos. Para isto, poderemos propoñer bandexas sensoriais ou unha tuff trai con materiais manipulativos, ambientada por exemplo no Samaín (1º trimestre, Orde de 12 de abril de 2024). Así, entre bolas de hidroxel e empregando outros materiais como a xelatina ou xeos con forma de man, esconderanse tarxetas de vocabulario propio da época con varios niveis de dificultade:
 - PALABRA MAIÚSCULA ACOMPAÑADA DA IMAXE
 - PALABRA MAIÚSCULA
 - PALABRA MINÚSCULA ACOMPAÑADA DA IMAXE
 - PALABRA MINÚSCULA

➔ Coas palabras, haberá que transcribilas ou compoñer historias coas que se atopen, incidindo na conciencia fonolóxica e buscando sempre a interacción entre o alumnado das diferentes idades e a titoría entre iguais.

7. Perfil de saída ou competencial no alumnado e a súa relación coas competencias.

- LOMLOE fala dos perfís de saída en relación á EP, ao igual que o Decreto 155/2022.
- Recomendación do Consello da Unión Europea, do 22 de maio de 2018 Key Drivers of Curricula Change in the 21st Century da Oficina Internacional de Educación da UNESCO.
- Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030 adoptada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas en setembro de 2015.
- O perfil de saída non é aplicable á Educación Infantil, pois nin no Real Decreto 95/2022 nin no Decreto 150/2022 non se cita en ningún momento dito perfil. En todo caso, como membro dun claustro, buscarase a continuidade entre etapas e preparar ao alumnado na EI para acadar este perfil de saída na EP.

8. Está a punto de finalizar o curso escolar:

Cales son os documentos e informes oficiais de avaliação na Educación Infantil e onde están lexislados?

Decreto 150/2022 e Orde de 30 de maio de 2023:

- Actas de avaliação (titor), pero xera dirección a través de XADE.
- Expediente académico (secretaría)
- Historial académico (secretaría)
- Informe final de curso (titor)
- Informe final de etapa (titor)
- Informe final de etapa, de ser necesario (titor).
- Informe psicopedagógico (xefatura do DO) Orde de 8 de setembro de 2021.

Cales son imprescindibles para garantir a mobilidade do alumnado?

- O historial académico e o informe por traslado.

Quen é o encargado de cubrilo? Quen os supervisa?

- Cúbreos a persoa titora co visto e prace da persoa que exerza a dirección.
- Supervísao inspección Educativa.